

BOIRO**Nuevas denuncias por furtivismo en playas de la cofradía de Cabo**

Agentes de la Policía Autonómica siguen ejerciendo toda la presión que pueden sobre los furtivos que un día sí, y otro también, se echan a las playas para coger almeja sin autorización. Los mismos agentes, entre el lunes y ayer, cursaron unos veinte expedientes en arenas que forman parte de las concesiones del pósito de Cabo.



El importe de la obra vial asciende a 31.000 euros.

CARREIRA**Una acera mejorará la seguridad vial en el área del Leliadoura**

El Concello de Ribeira invertirá cerca de 31.000 euros en la realización de una obra de seguridad vial consistente en la colocación de aceras en la zona educativa en la que se encuentra el instituto Leliadoura. De acometer la intervención se encargará la empresa Ofial. En total se colocarán 256 metros de pasos peatonales y se colocará una nueva red de pluviales.

RIBEIRA**Una manta permitió a una pareja apagar un incendio en su cocina**

Un matrimonio de Ribeira residente en la calle Clara Campoamor apagó con una manta el fuego que, hacia las dos de la tarde de ayer, se originó en la cocina de su vivienda. Las llamas afectaron a la campana extractora y el humo causó daños en las paredes y en el techo, pero el mobiliario quedó intacto. Hasta el lugar se desplazaron los bomberos, que ventilaron y comprobaron que no existía riesgo de reproducción.

LOUSAME**El Bloque pide que se mejore la ley que regula la violencia machista**

El BNG de Lousame ha presentado una moción para que, en el caso de ser aprobada, se inste a la Xunta para que, a su vez, traslade al Gobierno central la necesidad de modificar el nombre de la ley de medidas de protección integral contra la violencia machista y se introduzca el término «feminicidio» y se trabaje para realizar el Estatuto de Víctima de Feminicidio.

Lustres Rivas, o grande esquecido

Hoxe cúmprense 80 anos do pasamento do Fillo Predilecto de Ribeira, galeguista que perdeu a vida en Redondela

XOSÉ MARÍA FERNÁNDEZ PAZOS

O chegar á Universidade na década dos setenta, caeu nas miñas mans *El primer Castela*, de J. A. Durán, unha obra de referencia obrigada naqueles estertores do réxime. Precisamente o meu achegamento á biografía do insigne rianxeiro permitíume descubrir o labor dun ribeirense que foi amigo, compañeiro de estudos e da súa traxectoria pública e do que non se falaba na vila ó ser unha vítima daquela nefasta época fratricida.

A principios de 1986, no que se cumprían cincuenta anos do seu asasinato, propuxen nun artigo a necesidade de recuperar a súa figura e obra. Aquela iniciativa sería recollida polo noso Concello, hai que dicir que non sen certas reticencias iniciais, e en novembro dese ano dedicóuselle a rúa da casa onde nacera e unha placa de lembranza, amais de nomealo Fillo Predilecto da cidade.

O último dos recoñecementos públicos realizábase hai apenas dous lustros, cando atinadamente o Concello decidiu poñerlle o seu nome ó centro cultural. E adiantamos que a seguinte homenaxe terá lugar dentro duns días, cando o Concello faga a edición facsimilar da obra *Pandemonium*, unha compilación dos artigos e ensaios que o autor publicou en diversos medios da época.

Longa traxectoria

Resumir neste artigo a súa traxectoria é materialmente imposible, polo que tratarei de salientar algúns aspectos da súa vida que nos sirvan para coñecer o personaxe que hoxe lembramos.

Hai que remontarse á pequena poboación que configura a Santa Uxía de finais do século XIX. Alí nacería José Manuel Antonio Lustres Rivas o martes 10 de xaneiro de 1888 na casa familiar da rúa Venecia. Fillo do piloto de buque mercante José Lustres Gómez e de María Rivas Otero, faría os seus estudos de Bacharelato en Santiago, onde iniciaría Medicina, o que lle permitiría coñecer a Castela, do que sería compañeiro e amigo. Lustres deixaría a carreira para dedicarse ás letras e desenvolvería unha intensa biografía, facendo o seu labor sobre todo no xornalismo, na política, na literatura e no debate das ideas.

En Compostela intégrase no histórico faladoiro do Café Co-



Casa natal de José Manuel Antonio Lustres Rivas.



Lustres Rivas, Fernández Mato e Xulio Sigüenza.



Lustres, na reunión das Irmandades, en 1922.

Edición homenaxe.

O Concello de Ribeira, con motivo do oitenta aniversario do falecemento do xornalista local, vai presentar nuns días unha edición facsimilar de *Pandemonium*, obra na que se compilan os ensaios de Manuel Lustres Rivas. FOTOS DO ARQUIVO DE XOSÉ MARÍA FERNÁNDEZ PAZOS



lón, xunto a Castela, Luis Villardefrancos, Ramón Garaboa e Javier Montero. E alí, na época de estudante, empezaría a súa traxectoria xornalística. En 1906 traballa xa en *El Miño de Orense* e en 1907 en *Galicia Nueva* e tamén en *Gaceta de Galicia*, que se editaba en Vigo. Deses tempos hai que salienta a publicación de *Galicia Moza*, pequeno folleto do que só saíron dous números en xaneiro de 1909. Precisamente nese ano escribiría a que foi a primeira loa a Castela, *Los que triunfan*, título do artigo publicado no número 1 da emblemática *Vida Gallega*.

A súa versatilidade como autor quedou de relevo coa publicación de novelas, obras de teatro, poesía e ensaios, se ben a súa vocación sempre foi o xornalismo.

Labor xornalístico

Participou activamente nos principais diarios galegos da época, como os xa citados, e máis tarde en *El Heraldo Gallego*, do que foi director varios anos; *La Crónica* de Vigo, o xornal *Galicia* e o *Faro de Vigo*, do que foi xefe de redacción. Tamén en Madrid en *España Nueva*, *La Jornada*, *El Liberal*, *El Sol* e na capital catalá en *La Publicidad*.

Iniciase no agrarismo e así en 1912 asina o *Manifiesto de Ourense* e dirixe o voceiro deste movemento, *Acción Gallega*. Participa amais nas campañas de axitación ata que racha a súa relación con Basilio Álvarez. Xa en 1917 intervéñen na fundación da Irmandade da Fala de Vigo e colabora con *A Nosa Terra* ata que marcha á Arxentina, onde dirixirá brevemente a revista *Céltiga*. Regresa posteriormente e pasa a ser re-

dactor xefe do histórico xornal vigués *Galicia* e despois colabora noutros medios.

Á volta da súa segunda etapa na emigración incorpórase ó Comité Autonomista de Vigo, formado polos antigos membros das Irmandades e é elixido en 1931 directivo do equipo presidido por Valetín Paz Andrade. Todo apunta a que formou parte da masonería e a UXT e, sen chegar a militar no Partido Galeguista, participou activamente nas campañas a prol do Estatuto do 36.

Arrestado no domicilio

Iniciada a guerra e a pesar das presións da súa dona, Emilia Fernández, para ir a Ribeira, onde poderían ter máis protección por parte de coñecidos da familia, Lustres negaríase e sería arrestado no seu domicilio a finais do mes de agosto, tras asistir á lectura do bando que declaraba o estado de guerra na cidade viguesa.

O xornalista figurou ata catro veces en listas para ser *paseado*, pero librouse en tres delas, grazas seguramente á influencia do director do xornal vigués. Sería levado primeiro á prisión que se habilitara no frontón e despois á Illa de San Simón, onde permanecería á espera de xuízo. O 8 de novembro foi trasladado ó calabozo de Redondela para comparecer ó día seguinte. Na noite do día 9 foi trasladado con esa desculpa, en compañía doutros catro detidos; todos eles aparecerían mortos tal día como hoxe hai 80 anos. Lustres foi asasinado sen xuízo e sen consello de guerra.

As circunstancias que rodearon a súa morte non están de todo claras, xa que a súa traxectoria política dera un claro xiro mo-

derado nas últimas etapas da súa vida. Os seus restos mortais, despois de ser identificados pola familia, serían enterrados primeiro en Redondela e actualmente descansan no camposanto vigués de Pereiró.

Extensa obra

Lustres publicou unha ampla cantidade de escritos, que abranguen desde a súa faceta como autor de teatro, a articulista ou autor de prosa, e incluso chegou a facer unha guía de viaxes polas Rías Baixas co mar como fondo.

Reuniu os seus ensaios na obra *Pandemonium* (1917), publicou un folletín en *La Correspondencia de España* de Madrid: *La Fratricida*. Un dos seus máis destacados traballos foi como dramaturgo, e estreou en Vigo en 1923, en colaboración con Ramiro F. del Valle, a comedia en dous actos *La hora grande*, que se representaría no Teatro Tamberlick. Con Ramón Fernández Mato estreou a comedia *Peregrino de la ilusión*. Tamén publicou en galego diversos artigos en xornais e revistas como *A Nosa Terra*. Lustres recibiría numerosos galardóns e sería considerado mestre de xornalistas. No momento da súa detención era presidente da Asociación da Prensa de Vigo e amais director da *Hoja del Lunes de Vigo*.

Manuel Lustres quedaría no esquecemento e soamente Ribeira recuperaría a súa traxectoria coa dedicatoria dunha rúa, poñendo o seu nome ó centro cultural e concedéndolle o título de Fillo Predilecto a título póstumo o 5 de decembro de 1986.

Lustres Rivas segue a ser hoxe o gran descoñecido para o resto do país.